

# PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

1.Introdución

## ÍNDICE

2.A función titorial

2.1 Aproximación conceptual

2.2 Funcións dos titores-as

3.A acción titorial no centro

3.1 Obxectivos

3.2 Desenvolvemento da acción titorial.

3.2.1 Actuacións no 2º ciclo de E.I.

3.2.2 Actuacións en 1º e 2º de E.P.

3.2.3 Actuacións en 3º e 4º de E.P.

3.2.4 Actuacións en 5º e 6º E.P.

4. Subprogramas de acción titorial

Programa de exploración psicopedagóxica.

Programa de acollida:

alumnado que se incorpora en educación infantil

alumnado procedente doutros centros

alumnado de incorporación tardía

Programa de habilidades socioemocionais.

Programa de preparación para a E.S.O.

Programa de hábitos e técnicas de estudo

5.Avaliación

## 1. Introducción

O profesorado é o responsable directo da labor titorial desempeñando o papel de mediador entre o alumnado, o equipo docente e as familias, cunhas tarefas específicas reguladas pola normativa.

Ao mesmo tempo, o orientador/a debe ser quen impulsa ese traballo, asesorando e axudando a estruturar, organizar e coordinar as actuacións do profesorado titor-a.

Na LOMCE, *Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro*, para a mellora da calidade educativa (BOE nº 295, 10/12/2013), que en todo o conxunto da etapa, a acción titorial deberá orientar o proceso educativo tanto individual como colectivo do alumnado.

Neste sentido o PAT é a resposta que, de modo sistemático e intencional, leva a cabo o centro para poder concretar dita orientación educativa.

Para que dito PAT sexa funcional debe reunir certas características:

- Desenvolverase na aula (non pode quedarse a un nivel teórico).
- Deberá ser elaborado polo profesorado-titor/a que o vai levar a cabo.
- Terá en conta a idiosincrasia do centro.
- O obxectivo fundamental será cambiar e mellorar.
- Será avaliado a medida que se aplica para axustalo mellor á realidade e necesidades do momento.

Partindo destas premisas, desenvólvese o PAT, articulado en tres grandes bloques:

- No epígrafe 2 concrétese o significado da acción titorial e recóllense as funcións dos titores.
- No epígrafe 3 recóllense as actuacións prioritarias que levan ao desenvolvemento desas funcións no contorno deste centro.
- No epígrafe 4 aparecen de forma detallada algúns subprogramas que se desenvolverán ao longo do curso.
- No epígrafe 5 abórdase a avaliación do PAT.

## **2. A función titorial**

### 2.1. Aproximación conceptual

A acción titorial pretende a axuda e orientación na formación integral do alumnado, procurando un axeitado crecemento e potenciación de todos os aspectos humanos, sociais e escolares da persoa en vía de formación, así como servir de nexos de unión entre as familias e o centro, e entre os profesores que desenvolven a súa labor docente cun mesmo grupo de alumnos/as.

O modelo máis estendido nos sistemas educativos europeos é aquel que integra a actuación instrutiva do profesorado noutra máis ampla que é a de educador/a, ao tempo que existe un profesor/a-titor/a que coordina a acción titorial do conxunto dun equipo docente.

Así, na LOMCE, *Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro*, para a mellora da calidade educativa (BOE nº 295, 10/12/2013) aplicable a toda a Etapa de Educación Primaria, no seu artigo 9.5 define que a acción titorial orientará o proceso educativo individual e colectivo no conxunto da Etapa.

Este modelo titorial concibe a educación como algo máis que a pura instrución e esixe a existencia dunha figura que sirva de referente para eses contidos que non son estritamente instrutivos e que forman parte de maneira

ineludible da formación das novas xeracións: ensinanza de valores, actitudes, hábitos, etc.

O sistema titorial convértese na peza clave do proceso escolar e na base e punto de partida das actividades docentes e comunitarias, debendo atender á realidade do centro e adaptarse ás necesidades educativas dos seus alumnos/as, profesorado e pais/nais.

Por tanto, a figura do titor/a é o eixo que coordina e dinamiza este proceso, concibíndose así a titoría como unha actividade inherente á función do profesorado que se realiza individual e colectivamente cos alumnos/as dun grupo clase.

## 2.2 Funcións dos titores-as

O Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria, da Consellaría de Educación e O.U. (DOG nº 206, 21/10/1996), no seu artigo 81 establece que cada mestre titor/a, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará, cando menos, as seguintes funcións:

- Participar no desenvolvemento do plan de acción titorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación da xefatura de estudos.
- Proporcionar no principio de curso, ao alumnado e ás familias, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de tutoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.
- Coñecer as características persoais de cada alumno/a a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
- Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno e alumna.
- Efectuar un seguimento global dos procesos de ensinanza-aprendizaxe dos alumnos e alumnas para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.
- Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para alumnos e alumnas do seu grupo.
- Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.
- Orientar ao alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo, asumindo as súas aptitudes e capacidades como persoas e obviando estereotipos sexistas

- Informar ao resto do equipo docente das características dos alumnos e alumnas, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
- Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnado.
- De ser o caso, organizar e presidir as sesións de avaliación.
- Coordinar o proceso de avaliación do alumnado do seu grupo e adoptar a decisión que proceda referente á promoción dos alumnos e alumnas dun ciclo a outro, logo da audiencia dos seus pais e nais ou titores e titoras legais.
- Atender, xunto co resto do profesorado, aos alumnos e alumnas mentres estes e estas permanecen no centro nos períodos de lecer.
- Colaborar co equipo de orientación educativa e profesional do sector nos termos que estableza o mesmo e a xefatura de estudos.
- Colaborar cos demais titores e titoras no marco dos proxectos educativo e curricular do centro.
- Orientar as demandas e inquedanzas dos alumnos e alumnas e mediar ante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
- Informar aos alumnos e alumnas do grupo, ás familias e ao profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico, con especial atención aos aspectos e medidas tendentes a facilitar a competencia lingüística dos alumnos e alumnas nas dúas linguas oficiais.
- Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e as familias do alumnado.
- Exercer, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os demais profesores e profesoras do grupo.
- Cubrir os documentos oficiais relativos ao seu grupo de alumnos e alumnas.

- Controlar a falta de asistencia ou puntualidade do alumnado, e ter informadas ás familias, ou titores e titoras, e á xefatura de estudos.
- Fomentar a colaboración das familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos e fillas.
- Desenvolver os obxectivos coeducativos para co alumnado recollidos no Plan de Igualdade.
- Aqueloutras que se lle puidesen encomendar para o mellor desenvolvemento da acción titorial.

### **3. A acción titorial no centro**

Asumido que a acción titorial compromete á totalidade do profesorado no marco dunha actuación colectiva e debidamente coordinada, e que o seu desenvolvemento abrangue tanto o ámbito do proceso de ensino-aprendizaxe coma o relativo ao desenvolvemento persoal, preténdese que este plan signifique unha resposta deste centro cara á personalización da educación do alumnado.

Naturalmente, este proceso de axuda está condicionado á situación de partida, á realidade do conxunto deste sistema e ao contexto no que nos atopamos; o que determinará a elección dos obxectivos a acadar e as actuacións específicas para o seu logro.

En termos xerais, o contorno do centro caracterízase por:

- Alumnado de procedencia rural.
- Pouca presenza de alumnado inmigrante.
- Familias tradicionalmente cun nivel cultural medio.
- Plantilla de profesorado maioritariamente estable (definitivos), con profesorado especialista en Ed. Física, Música, Inglés, Relixión, Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe compartida e Departamento de Orientación cun centro adscrito.

- Familias en xeral colaboradoras co colexio e cunha crecente implicación nos procesos formativo e de ensino-aprendizaxe dos seus fillos/as.
- Novas incorporación de alumnado ao centro.
- Dificultades nas habilidades socioemocionais e resolución de conflitos por parte dalgún grupo de alumnado reducido.
- Unha baixa porcentaxe de alumnado con dificultades na adquisición das técnicas instrumentais, carente de estratexias de aprendizaxe, de traballo autónomo e falta de motivación polas tarefas escolares.
- Conta cun centro de educación secundaria próximo no que continuar os seus estudos.

Estas realidades xenéricas de partida son as que orientan, como se indicou anteriormente, o conxunto deste Plan, os seus obxectivos e as súas actuacións.

### 3.1 Obxectivos

Así, tendo en conta todo o referido anteriormente, con este Plan de Acción Tutorial preténdese:

- Coñecer as características dos alumnos/as a nivel persoal, familiar, socioambiental e escolar (competencia curricular, estratexias de aprendizaxe, motivación e intereses) coa finalidade de programar respostas educativas adecuadas que contribúan ao seu desenvolvemento integral.
- Favorecer a integración do novo alumnado, desenvolvendo accións que faciliten a adaptación e favorezan a súa interacción co grupo.
- Establecer unha liña de comunicación-información permanente do grupo de alumnos/as e o equipo docente.

- Promover unha exploración psicopedagóxica individual co alumnado correspondente, para contribuír ao seu coñecemento e ao axuste da intervención educativa.
- Contribuír á formación integral do alumnado, en sintonía cos principios recollidos no PE.
- Favorecer procesos de mellora educativa a través da implementación de programas e desenvolvemento de actividades formativas por parte dos equipos docentes, co asesoramento e apoio do Departamento de Orientación.
- Promover a participación das familias no labor formativo, asesorándoas e informándoas daquilo que precisen e demanden, en especial da importancia da estimulación dos fillos/as, da promoción da súa autonomía, da potenciación dos valores, da relación familia-alumnado-profesorado e de todo aquilo relacionado co proceso de ensino-aprendizaxe.
- Contribuír á mellora da coordinación e asegurar a continuidade educativa entre os distintos centros, etapas e/ou cursos.
- Favorecer a convivencia, potenciando a formación en valores, o desenvolvemento das habilidades sociais, a expresión de emocións,... que facilite a adaptación social e persoal e a resolución dialogada de conflitos.

### 3.2 Desenvolvemento da acción titorial

Para tratar de acadar os obxectivos establecidos anteriormente entendemos necesaria a realización dunha serie de accións, debidamente planificadas e cun seguimento regular que permita o seu (re)axuste.

En consecuencia, entre as actuacións que cada unha das etapas (infantil e primaria) pode desenvolver destacan:

#### 3.2.1 *Actuacións no 2º ciclo de E.I.*

- a. Desenvolvemento das actuacións previstas no programa de acollida.



- b. Realización, nos casos de novas incorporacións, da entrevista persoal a cada familia, de cara á obtención da información necesaria para a ficha de avaliación inicial, para evitar os posibles riscos do Covid-9, as reunións serán preferiblemente telemáticas, ou polo medio que mellor se poda adaptar a cada familia.
- c. Enchido, nos casos que corresponda, da ficha de avaliación inicial.
- d. Análise do expediente persoal do alumnado e de toda aquela información que facilite o coñecemento da súa realidade e dos aspectos que poden incidir no proceso de ensino-aprendizaxe.
- e. Realización dunha reunión trimestral e xeral coas familias para informarlles de todo o relativo ao proxecto educativo, á concreción curricular e ao desenvolvemento do proceso educativo. Procurarase que a primeira coincida co comezo do curso e nela informárase sobre todo o relativo a: calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares, criterios de avaliación do grupo, normas organizativas do centro, colaboración da familia,...
- f. Establecemento dunha liña de coordinación entre os distintos niveis da etapa.
- g. Promoción da coordinación entre as etapas de Infantil e Primaria.
- h. Participación, nos termos que estableza o Departamento de Orientación, no desenvolvemento dos programas de exploración psicopedagóxica individual coa totalidade do alumnado e detección da perda auditiva, visual e/ou dificultades na articulación.
- i. Información regular ás familias sobre os progresos e dificultades do alumno/a establecendo canles de comunicación e colaboración que favorezan a educación integral.
- j. Elaboración dun informe escrito trimestral que recolla os datos sobre os progresos e dificultades detectadas na consecución dos obxectivos establecidos no currículo, sobre o proceso de integración socioeducativa, sobre o grao de iniciación no desenvolvemento das competencias básicas e, de ser o caso, sobre as medidas de apoio ou reforzo educativo adoptadas ou propostas.

- k. Enchido das fichas-informe de avaliación anuais.
- l. Realización, ao remate da etapa, do informe de avaliación final.
- m. Cumprimentación dos datos correspondentes ao informe persoal.
- n. Control e informe das incidencias relacionadas coa puntualidade, absentismo,...
- o. Participación no deseño e implementación de programas e actividades que contribúan á mellora do proceso educativo, ao desenvolvemento persoal e social do alumno/a e á promoción da convivencia.
- p. Participación no seguimento e avaliación dos distintos proxectos e/ou programas, nos termos que se establezan.
- q. Promoción e coordinación de actividades que fomenten a convivencia, a integración e a participación responsable do alumnado na vida do centro.
- r. Establecemento dun horario semanal de atención individualizada ás familias.
- s. Planificación e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- t. Coordinación da acción común do profesorado do mesmo grupo de alumnos/as.
- u. Organización das sesións de avaliación, procurando que o seu desenvolvemento se axuste aos principios da avaliación global, continua, formativa, reguladora e orientadora do proceso educativo, coordinando a mellora da intervención educativa e responsabilizándose da elaboración das actas.
- v. Transmitir aos profesores/as todas as informacións sobre o alumnado que lles poidan ser útiles para o desenvolvemento das súas tarefas docentes, avaliadoras e orientadoras.

•

### *3.2.2. Actuacións en 1º e 2º de E.P.*

- a) Desenvolvemento, de darse as circunstancias, das actuacións previstas no programa de acollida.

- b) Realización da avaliación inicial, revisando os expedientes do alumnado, analizando a información aportada nos informes do curso e/ou etapa anterior e considerando todo aquilo que facilite o coñecemento da súa realidade e dos aspectos que poden incidir no proceso de ensino-aprendizaxe.
- c) Realización dunha reunión trimestral e xeral coas familias para informarlles de todo o relativo ao proxecto educativo, á concreción curricular e ao desenvolvemento do proceso educativo. Procurarase que a primeira se realice antes do 31 de outubro e nela informarse sobre todo o relativo a: calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares, criterios de avaliación do grupo, normas organizativas do centro, colaboración da familia, neste curso, para evitar os posibles riscos do Covid-9, as reunións serán preferiblemente telemáticas, ou polo medio que mellor se poda adaptar a cada familia.
- d) Establecemento dun horario semanal de atención individualizada ás familias.
- e) Asesoramento ás familias sobre todo aquilo que afecte á educación dos seus fillos/as, orientando a súa implicación nas tarefas de estudo e na promoción da autonomía, autoconcepto e autoestima.
- f) Promoción da coordinación cos equipos do 2º ciclo de Ed. Infantil e entre os distintos niveis da etapa.
- g) Planificación e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade, especialmente as contempladas no Plan Xeral de Atención á Diversidade.
- h) Participación no deseño e implementación de programas e actividades que contribúan á mellora do proceso educativo, ao desenvolvemento persoal e social do alumno/a e á promoción da convivencia.
- i) Organización das sesións de avaliación, procurando que o seu desenvolvemento se axuste aos principios da avaliación continua, formativa e orientativa que se propugnan para todas as fases do proceso avaliador, tratando de coordinar todo o relativo á

intervención educativa e á promoción de cada alumno/a e responsabilizándose do enchido das actas.

- j) Información regular ás familias sobre os progresos e dificultades dos alumnos/as, prestando especial atención á información escrita correspondente ás distintas sesións de avaliación.
- k) Procurar a colaboración dos pais/nais e o intercambio e análise de información en relación co desenvolvemento dos seus fillos/as promovendo unha actitude serea, positiva, activa e responsable fronte as dificultades que se plantexen.
- l) Actualización do expediente do alumnado.
- m) Control e informe das incidencias relacionadas coa puntualidade, absentismo,...
- n) Cumprimentación dos informes de avaliación e, de darse o caso, do informe persoal por traslado.
- o) Participación no seguimento e avaliación dos distintos proxectos e/ou programas, nos termos que se establezan.
- p) Promover e coordinar actividades que fomenten a convivencia, a integración e a participación responsable do alumnado na vida do centro: dar a coñecer ao principio de curso cales son os dereitos e deberes, normas de réxime interior e disciplina, funcionamento do centro,... e determinar as normas e procedementos de organización e funcionamento do grupo-clase (normas da aula, xestión de resolución de conflitos,...).
- q) Coordinar o seguimento da evolución do grupo e a toma de decisións e actuacións a desenvolver.
- r) Transmitir aos profesores/as todas as informacións sobre o alumnado que lles poidan ser útiles para o desenvolvemento das súas tarefas docentes, avaliadoras e orientadoras.
- s) Incidir na adquisición e mellora dos hábitos de traballo.

### *3.2.3 Actuacións en 3º e 4º de E.P.*

- a) Desenvolvemento, de darse as circunstancias, das actuacións previstas no programa de acollida.

- b) Realización da avaliación inicial, revisando os expedientes do alumnado, analizando a información aportada nos informes dos cursos anteriores e considerando todo aquilo que facilite o coñecemento da súa realidade e dos aspectos que poden incidir no proceso de ensino-aprendizaxe.
- c) Realización dunha reunión trimestral e xeral coas familias para informarlles de todo o relativo ao proxecto educativo, á concreción curricular e ao desenvolvemento do proceso educativo. Procurarase que a primeira se realice antes do 31 de outubro e nela informarse sobre todo o relativo a: calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares, criterios de avaliación do grupo, normas organizativas do centro, colaboración da familia,... para evitar os posibles riscos do Covid-9, as reunións serán preferiblemente telemáticas, ou polo medio que mellor se poda adaptar a cada familia.
- d) Establecemento dun horario semanal de atención individualizada ás familias, preferiblemente a través de medios telemáticos.
- e) Asesoramento ás familias sobre todo aquilo que afecte á educación dos seus fillos/as, orientando a súa implicación nas tarefas de estudo e na promoción da autonomía, autoconcepto e autoestima.
- f) Establecemento dunha liña de coordinación entre os distintos niveis da etapa.
- g) Planificación e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade, especialmente as contempladas no Plan Xeral de Atención á Diversidade.
- h) Participación no deseño e desenvolvemento dos programas e actividades que contribúan á mellora do proceso educativo, ao desenvolvemento persoal e social do alumno/a e á promoción da convivencia.
- i) Organización das sesións de avaliación, procurando que o seu desenvolvemento se axuste aos principios da avaliación continua, formativa e orientadora que se propugnan para todas as fases do proceso avaliador tratando de coordinar todo o relativo á

intervención educativa e á promoción de cada alumno/a e responsabilizándose do enchido das actas.

- j) Información regular ás familias sobre os progresos e dificultades do seu fillo/a, prestando especial atención á información escrita correspondente ás distintas sesións de avaliación.
- k) Actualización do expediente do alumnado.
- l) Control e informe das incidencias relacionadas coa puntualidade, absentismo,...
- m) Cumprimentación dos informes de avaliación e, de darse o caso, do informe persoal por traslado.
- n) Participación no seguimento e avaliación dos distintos proxectos e/ou programas, nos termos que se establezan.
- o) Promover e coordinar actividades que fomenten a convivencia, a integración e a participación responsable do alumnado na vida do centro: dar a coñecer ao principio de curso cales son os dereitos e deberes, normas de réxime interior e disciplina, funcionamento do centro,.. e determinar as normas e procedementos de organización e funcionamento do grupo-clase (normas da aula, xestión de resolución de conflitos,...).
- p) Coordinar o seguimento da evolución do grupo e a toma de decisións e actuacións a desenvolver.
- q) Procurar a colaboración dos pais e o intercambio e análise de información en relación co desenvolvemento dos seus fillos/as, promovendo unha actitude serena, positiva, activa e responsable fronte as dificultades que se plantexen.
- r) Transmitir aos profesores/as todas as informacións sobre o alumnado que lles poidan ser útiles para o desenvolvemento das súas tarefas docentes, avaliadoras e orientadoras.
- s) Incidir na adquisición e mellora dos hábitos de traballo.

#### *3.2.4 Actuacións en 5º e 6º de E.P.*

- a) Desenvolvemento, de darse as circunstancias, das actuacións previstas no programa de acollida.

- b) Realización da avaliación inicial, revisando os expedientes do alumnado, analizando a información aportada nos informes dos cursos anteriores e considerando todo aquilo que facilite o coñecemento da súa realidade e dos aspectos que poden incidir no proceso de ensino-aprendizaxe.
- c) Realización dunha reunión trimestral e xeral coas familias para informarlles de todo o relativo ao proxectos educativo e concreción curricular e ao desenvolvemento do proceso educativo. Procurarase que a primeira se realice antes do 31 de outubro e nela informarse sobre todo o relativo a: calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares, criterios de avaliación do grupo, normas organizativas do centro, colaboración da familia,... para evitar os posibles riscos do Covid-9, as reunións serán preferiblemente telemáticas, ou polo medio que mellor se poda adaptar a cada familia.
- d) Establecemento dun horario semanal de atención individualizada ás familias.
- e) Asesoramento ás familias sobre todo aquilo que afecte á educación dos seus fillos/as, orientando a súa implicación nas tarefas de estudo e na promoción da autonomía, autoconcepto e autoestima.
- f) Establecemento dunha liña de coordinación entre os distintos niveis da etapa.
- g) Promoción da coordinación co equipo de 1º e 2º de E.S.O.
- h) Planificación e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade, especialmente as contempladas no Plan Xeral de Atención á Diversidade.
- i) Participación no deseño e desenvolvemento do programa de preparación para a educación secundaria obrigatoria.
- j) Participación no deseño e desenvolvemento dos programas e actividades que contribúan á mellora do proceso educativo, ao desenvolvemento persoal e social do alumno/a e á promoción da convivencia.
- k) Organización das sesións de avaliación, procurando que o seu desenvolvemento se axuste aos principios da avaliación continua, formativa e orientadora que se propugnan para todas as fases do

proceso avaliador, tratando de coordinar todo o relativo á intervención educativa e á promoción de cada alumno/a e responsabilizándose do enchido das actas.

- l) Información regular ás familias sobre os progresos e dificultades dos alumnos/as, prestando especial atención á información escrita correspondente ás distintas sesións de avaliación.
- m) Actualización do expediente do alumnado.
- n) Control e informe das incidencias relacionadas coa puntualidade, absentismo,...
- o) Cumprimentación dos informes de avaliación e, de darse o caso, do informe persoal por traslado.
- p) Participación no seguimento e avaliación dos distintos proxectos e/ou programas, nos termos que se establezan.
- q) Promover e coordinar actividades que fomenten a convivencia, a integración e a participación responsable do alumnado na vida do centro: dar a coñecer ao principio de curso cales son os dereitos e deberes, normas de réxime interior e disciplina, funcionamento do centro,... e determinar as normas e procedementos de organización e funcionamento do grupo-clase (normas da aula, xestión de resolución de conflitos,...).
- r) Coordinar o seguimento da evolución do grupo e a toma de decisións e actuacións a desenvolver.
- s) Procurar a colaboración dos pais/nais e o intercambio e análise de información en relación co desenvolvemento dos seus fillos/as, promovendo unha actitude serea, positiva, activa e responsable fronte as dificultades que se plantexen.
- t) Transmitir aos profesores/as todas as informacións sobre o alumnado que lles poidan ser útiles para o desenvolvemento das súas tarefas docentes, avaliadoras e orientadoras.
- u) Incidir na adquisición e mellora dos hábitos de traballo.

#### **4. Subprogramas de acción titorial**



Se ben a acción tutorial forma parte indefectiblemente da acción docente, entendemos que deben deseñarse actuacións e/ou programas específicos de intervención en resposta ás necesidades da comunidade educativa que desenvolvan, complementen e enriquezan a programación da función tutorial.

Esta proposta de acción é aberta e enriquecerase coa incorporación de novos programas que demande o centro, se ben é condición indispensable que toda a comunidade educativa se implique no seu deseño e desenvolvemento, para que se traduzan en accións reais e eficaces.

A continuación, recollemos os programas nos que se traballa no centro:

- A) Programa de exploración psicopedagóxica.
- B) Programa de acollida: alumnado de incorporación á educación infantil, alumnado procedente doutros centros e alumnado de incorporación tardía.
- C) Programa de habilidades socioemocionais.
- D) Programa de preparación para a E.S.O.
- E) Programa de hábitos e técnicas de estudo

## **A) Programa de exploración psicopedagóxica**

### **1. Introducción**

O programa de exploración psicopedagóxica do alumnado a parte dun enfoque preventivo e de atención temperá que, desde o punto de vista psicopedagóxico, realiza o Departamento de Orientación do centro.

Toda a información acadada transmítese ao profesorado, alumnado e familia.

### **2. Obxectivos**

- Colaborar cos profesores/as no coñecemento de cada alumno/a co obxecto de axustar a intervención educativa ás súas características persoais.
- Facilitar o coñecemento dos alumnos/as por parte das familias, adecuando as súas expectativas, orientando a toma de decisións e servindo de punto de partida para o asesoramento respecto das axudas adecuadas para a mellora do proceso educativo.

### **3. Desenvolvemento**

As exploracións psicopedagóxicas que conforman este programa levaraa a cabo a orientadora do centro xunto coa axuda do seu equipo, informando dos resultados ao profesorado e familias. O titor/a, sempre que sexa oportuno, dará a coñecer esta información aos alumnos/as.

As exploracións terá lugar ao inicio do curso en 5º, 6º de E.I. e ao final do curso en 6º de EP segundo a temporalización que figure no PAADO para cada curso.

Concretamente en 5º, 6º de E.I. centrarase a avaliación en aspectos relacionados coa articulación. En 6º de Educación Primaria será respecto da evolución psicosocial e académica. Dita información se lle transmitirá aos titores/as dende o DO, onde a relativa a 6º de E.P. se remitirá ao DO do IES mediante informes individualizados que axuden a ter unha aproximación á evolución do alumnado ao longo da Etapa de Educación Infantil e Primaria.

### **4. Seguimento e avaliación**

O seguimento e avaliación da realización deste programa realizarase por parte do Departamento de Orientación.

#### **B) Programa de acollida**

PARA O ALUMNADO QUE SE INCORPORA EN EDUCACIÓN INFANTIL

## 1. Introducción

A incorporación dos nenos e nenas ao centro escolar, é un acontecemento de gran transcendencia no seu proceso de desenvolvemento. O equipo educativo ao completo coida de maneira especial este período.

Para o alumnado, a entrada no centro escolar, implica a saída do mundo familiar (alí ocupa un lugar claramente definido e totalmente controlado, seguro, coñecido e protexido), para pasar a un mundo totalmente descoñecido e no que pode sentirse inseguro.

O mundo afectivo do alumnado é o motor do seu desenvolvemento emocional, social e intelectual. Todas as súas experiencias, vivencias e situacións son educativas e deben ser incorporadas ao centro escolar e, máis concretamente, ás aulas.

En definitiva, o período de adaptación é un proceso mediante o que, o neno/a elabora, dende o punto de vista dos sentimentos, a perda ou a ganancia que lle supón esta separación da familia, ata chegar voluntariamente a unha aceptación interna da nova situación.

Non son só os nenos/as os que están implicados no proceso de adaptación, a familia e o centro inician unha relación e a todos nos fai falta adaptarnos.

O ingreso do pequeno na escola pode facer xurdir nos pais/nais sentimentos contraditorios: medos, dúbidas, desconfianzas,... que, a miúdo, lévaos a sentirse ansiosos pola separación dos fillos/as.

Ademais, as reaccións dos nenos/as cando ingresan no colexio poden ser moi diversas. Podemos atopalos con alegría desbordante, axitación, actividade desenfreada ante unha situación nova,... pero tamén pode aparecer un choro intenso, agresións, fortes actitudes de rexeitamento ou de aferramento as súas cousas (mochila, xoguetes,...). Tamén é doado que o neno/a, pasados uns días de normalidade ou tranquilidade aparente (unha semana, un mes,...) reaccione con choros e rexeitamento cando toma conciencia da nova

situación.

Polo que é preciso contar cunha sensibilización por parte de toda a comunidade educativa, cos nenos/as máis tímidos e que non exteriorizan con facilidade os seus sentimentos (tristura, illamento,...). Cos máis pequenos as manifestacións poden ser moi sutís e, ás veces, mesmo de tipo fisiolóxico: vómitos, inapetencias, diarreas, trastornos do sono,... Estas son reaccións previsibles e é positivo que cada neno/a exprese os seus sentimentos de ledicia ou conflito.

Por todo elo, é importante ir descubrindo, día a día, as pequenas sinais de aceptación que nos ofrecen. Unha mirada aberta de observación interesada, un sorriso tímido, a complicidade entre os mesmos nenos/as e o adulto son síntomas da progresiva integración no grupo dos pequenos/as.

O horario establecido para o período de acollida dependerá do número de alumnado matriculado para 4º de Educación Infantil.

## **2. Obxectivos**

- Axudar o neno/a a coñecer o seu novo entorno escolar, tendo en conta a área de medio físico e social, pero sen deixar de lado a área de Identidade e autonomía persoal e a área de comunicación e representación.
- Facilitar a familiarización cos materiais, obxectos e espazos da aula.
- Favorecer a aceptación das diferenzas individuais de cada escolar.

## **3. Desenvolvemento**

Terán lugar as seguintes actividades de acollida:

- Presentación do profesor/a ós alumnos/as.
- Indicación das normas mínimas de convivencia para fomentar os valores e o respecto ós demais.
- Mostrarlles as distintas dependencias do centro: servizos, patio, ximnasio, comedor,...
- Presentación de outros profesores/as especialistas que inciden no ciclo.

- Realización de xogos dirixidos e espontáneos para favorecer a comunicación entre iguais.
- Realizar aproximacións ó neno/a por parte da profesora, establecendo contactos visuais, sorrisos,... que resulten gratificantes para o neno/a e lle axuden a sentirse seguro.

### PARA O ALUMNADO PROCEDENTE DOUTROS CENTROS

Durante a 1ª quincena de setembro o profesorado-titor-a ou mesmo o equipo directivo, convocará ás familias e ao alumnado que se incorpora a unha entrevista persoal, na que se presentará o funcionamento xeral do centro e se recadará aquela información que se estime pertinente.

### PARA O ALUMNADO DE INCORPORACIÓN TARDÍA

#### **1.Introdución**

Enténdese por alumnado de incorporación tardía, aquel procedente do estranxeiro que presenta todas ou algunha das seguintes circunstancias: descoñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia, desfase curricular significativo e/ou graves dificultades de adaptación. De feito a singularidade deste alumnado fai dedicarlles un espazo especial dentro do Plan de Acollida.

A chegada ao centro educativo supón para un alumno/a inmigrante un duro impacto psicolóxico ao ter que enfrontarse a unha situación nova, un entorno moi diferente ao seu do que descoñece case todo. En moitos casos a lingua, as costumes sociais, os seus compañeiros-as da clase, o centro coas súas regras propias, o tipo de actividade escolar, etc.

Así, estes alumnos/as enfróntanse frecuentemente con dificultades como:

- Utilización na súa vida cotiá e en todo o proceso de ensino-aprendizaxe dunha lingua diferente á lingua materna.

- Diversos referentes culturais: o que lle ofrece a escola e o que atopa na casa, que adoitan obedecer a dúas concepcións distintas de vivir e de actuar.
- Diferentes niveis académicos: algúns alumnos/as presentan un ou varios cursos de desfase curricular en relación á súa idade.
- Dificultades de adaptación ao novo lugar de residencia que condicionan a socialización: alumnos/as que, en ocasións, non teñen amigos cos que tratar ou fano sempre con nenos/as da súa propia nacionalidade.

•

Unha boa acollida para o alumnado que se incorpora por vez primeira supón ofrecer un espazo para o seu desenvolvemento persoal, cultural e social, debendo o centro adaptar e sistematizar a súa resposta educativa tras unha reflexión conxunta por parte de todo o profesorado.

## **2. Obxectivos**

- Sensibilizar á comunidade educativa nunha educación intercultural.
- Acoller á familia e ao alumno/a estranxeiros no centro.
- Avaliar inicialmente o alumnado estranxeiro.
- Establecer medidas de acceso ao currículo, organizativas e de funcionamento que se adapten ás necesidades do alumnado estranxeiro.
- Desenvolver competencias interculturais entre o alumnado do grupo-clase.

## **3. Desenvolvemento**

### a) Sensibilización da comunidade educativa nunha educación intercultural

O programa de acollida afecta a toda a comunidade educativa e non só ao alumnado estranxeiro que se incorpora. Será necesario potenciar competencias interculturais con todos os axentes que interveñen directa e indirectamente na tarefa educativa, a fin de desterrar estereotipos e prexuízos que condicionan a nosa actitude e a dos demais.

É preciso desenvolver actitudes e habilidades para a interacción e o intercambio (de normas, de valores, crenzas, estilos) para chegar a unha convivencia entre persoas dotadas da mesma dignidade no marco duns valores esenciais compartidos.

Este labor levarase a cabo con:

- Alumnado, a través da titoría e de todas as áreas do currículo por medio de actividades que favorezan habilidades e competencias sociais, así como a resolución de conflitos entre iguais.
- pais/nais, mediante actuacións encamiñadas a ter unha visión positiva da inmigración e das persoas que se incorporan á comunidade educativa.
- profesorado, a través de iniciativas e medidas de atención educativa que favorezan a integración de todos os alumnos/as.

#### b) Acollida á familia no centro

- Recibimento

Débase coidar e dar a importancia debida ao primeiro contacto dos alumnos/as e familias que se incorporan ao centro coas persoas que os reciben. A relación entre as familias e o centro será máis fluída se perciben unha actitude de axuda e colaboración. É esencial transmitirles tranquilidade e a confianza de que os seus fillos/as estarán atendidos debidamente e facerlles saber que se lles manterá informados do seu proceso de escolarización.

En caso de non coñecer o castelán, pódese recorrer a algún pai/nai que fale o seu idioma ou facilitaráselles información por escrito traducida.

- Información achegada polo Centro

O membro do equipo directivo que reciba aos pais/nais ademais de explicarlles cal é a documentación necesaria para formalizar a matrícula, aportaralles información acerca de cuestións como:

- Sistema educativo español.

- Estrutura e elementos básicos da etapa educativa á que se incorpora ó alumno/a, división en ciclos-cursos, sistema de avaliación, promoción, etc.
- O funcionamento do centro.
- Calendario escolar.
- Horario xeral do centro e do alumno/a.
- Canles de participación na vida do centro.
- Procedemento e horario de atención aos pais/nais, do profesorado e equipo directivo.
- Obriga de asistencia e procedemento de xustificación das faltas.
- Lugares de entrada e saída do alumnado.
- Instalacións do centro: aulas, ximnasio, recreo, biblioteca, etc.
- Material escolar necesario.
- Funcionamento do servizo do comedor escolar.
- Actividades complementarias e extraescolares: saídas, visitas, etc.
- Información sobre as axudas ás que poden ter acceso.
- Servizos fóra da escola aos que pode acudir: servizos sociais do Concello, da Xunta de Galicia, etc.
- Información sobre as funcións e actividades da ANPA.

- Documentación solicitada

Ademais dos documentos necesarios que deberán de achegar para formalizar a matrícula é conveniente que a familia aporte:

- A documentación relativa a súa historia escolar: expediente académico e datos da escolarización previa.
- Información sobre a súa procedencia.
- Situación laboral e familiar e intencións de futuro.

c) Avaliación inicial e adscrición



De conformidade co establecido no Plan de Acollida as orientacións para a súa elaboración da Consellería de Educación e O.U., como primeira medida, e segundo establece a normativa, o alumno/a que se incorpora ao sistema educativo español, escolarízase no curso que lle corresponde pola súa idade, aínda que, pola información recollida, se presupón un gran desfase curricular ou non se poida determinar cales son os seus coñecementos porque non fala as nosas linguas.

De seguido, e aínda con máis urxencia se o seu nivel curricular é baixo respecto da súa idade, o titor/a procederá a determinar as súas necesidades educativas, a través da avaliación inicial prevista con carácter xeral para todo o alumnado que se incorpora ao centro.

No caso de que o alumnado descoñeza as nosas linguas, buscarase algunha materia na que estas non sexan precisas para determinar o seu nivel de coñecementos, como poden ser a área de lingua estranxeira ou a de matemáticas.

No caso de apreciar outras necesidades educativas especiais, ademais das asociadas á condición de procedencia estranxeira, o departamento de orientación realizará a avaliación psicopedagóxica pertinente.

Cos resultados desta avaliación inicial e, se é o caso, da avaliación psicopedagóxica, establecerase cal das medidas de atención específica para o alumnado procedente do estranxeiro, son as máis axeitadas nese caso concreto.

No referente á adopción de medidas de atención específica, estarase ao disposto no PXAD, sen prexuízo do determinado especificamente para este alumnado neste PA.

Como norma xeral, tendo en conta a madurez e socialización do alumno/a –aspectos claves no desenvolvemento do mesmo–, o nivel ao que se incorporará non diferirá en máis dun ano co da súa idade cronolóxica.

A adscrición será considerada con flexibilidade, xa que nalgunha ocasión, á vista da avaliación inicial do titor/a e, se é o caso, da avaliación psicopedagóxica, poderá propoñerse un troco de nivel ou curso. Se isto ocorre,

haberá de facerse a proposta, razoada e por escrito, do profesorado que lle dá clase, e elevarase ao xefe de estudos, quen decidirá sobre a pertinencia da mesma.

Resulta esencial transmitir aos distintos profesores/as da aula asignada a información sobre as características dos novos alumnos/as e as decisións tomadas sobre a resposta educativa axeitada. O titor/a será o encargado desta tarefa sendo, do mesmo modo, referente máis directo do alumno/a recién chegado, de maneira que este saiba que pode acudir sempre a el cando teña algunha dúbida ou dificultade.

#### d) Acollida ao alumno/a na aula

- Actividades de presentación e coñecemento mutuo.

O titor/a, que posúe todos os datos do alumno/a novo, preparará ao grupo clase. O día da súa incorporación será presentado aos compañeiros/as e tamén ao resto do profesorado. Indicará o seu nome, o país de procedencia e outros datos de interese que considere oportunos. Pode ser interesante que estes datos se acompañen dalgún mapa.

Para facilitar o coñecemento do alumnado entre si pódese recorrer a xogos, actividades grupais ou outras estratexias que permitan unha boa acollida na aula.

- Alumnos/as titores.

O profesor titor/a pode solicitar a colaboración dalgún compañeiro que axude, oriente e acompañe ao novo alumno/a, sobre todo nas primeiras semanas, e máis aínda se descoñece o idioma.

Debe ser unha persoa ben predisposta, acollidora e comunicativa. Pode ser fixo ou ir variando entre todos os da clase.

Estes colocaranse á súa beira en clase, no comedor, acompañaranlle ao recreo, e procurarán que se sinta aceptado. Potenciarase ao mesmo tempo a cooperación e a implicación do grupo no seu proceso de adaptación.

Entre as súas funcións están as de:

- Facilitar a integración do alumnado estranxeiro, evitando o seu illamento inicial ou nos tempos de lecer.
  - Presentalo a outros compañeiros e compañeiras, profesorado, persoal non docente, etc.
  - Tratar de resolver as dificultades iniciais de comunicación.
  - Axudarlle a entender as tarefas escolares que debe realizar.
  - Orientalo sobre o funcionamento do centro: horarios, material de traballo, dependencias e espazos.
  - Colaborar co titor comunicándolle as dificultades que detecte.
- Outras liñas de actuación na aula.

Convén, entre outras cousas, destacar as habilidades persoais do novo alumno/a co fin de mellorar a súa propia autoestima e a consideración dos compañeiros/as mediante a aprendizaxe cooperativa, o traballo en pequenos grupos e recorrendo a actividades que favorezan a súa inclusión, impulsar a súa participación nas responsabilidades compartidas da clase e preparalo para as novas actividades ou para as situacións escolares que poden resultarlle estrañas.

e) Medidas de acceso ao currículo, organizativas e de funcionamento.

Unha vez finalizada a avaliación inicial e coñecendo as competencias curriculares dos alumnos/as, tomaranse as decisións pertinentes para que poidan recibir unha atención máis individualizada.

Dependerán tanto dos recursos do centro como das necesidades dos alumnos/as, as decisións que se tomen sobre as medidas que se precisan nunha área concreta para conseguir os obxectivos mínimos previstos ou a

adquisición de técnicas e aprendizaxes que pola súa idade puidesen corresponderlle.

As medidas de atención a este alumnado incluírán, ademais da enmarcadas na acción titorial, as establecidas de maneira xeral para a atención á diversidade e outras específicas que contempla a normativa:

- De tipo curricular: reforzo educativo, adaptacións curriculares e flexibilizacións de idade.
- De tipo organizativo: grupos de adquisición das linguas e grupos de adaptación da competencia curricular.

•

No caso de precisar apoio especializado (PT/AL) ou de profesorado do colexio, seguiranse os criterios de utilización establecidos no PXAD e será necesario que así o aconselle a avaliación psicopedagóxica realizada pola orientadora de conformidade co determinado no referido PXAD. É importante no caso destes alumnos/as desenvolver estas actuacións, sempre que sexa posible, dentro da aula ordinaria, para facilitarlles a integración escolar.

#### f) Desenvolvemento de competencias interculturais

Desde a consideración de todos os alumnos/as como cidadáns activos dunha sociedade caracterizada pola súa pluralidade, a escola deberá contemplar a formación en competencias comunicativas interculturais. Para iso será conveniente realizar unha proposta educativa coordinada desde a acción titorial que involucre a todo o profesorado e se reflicta en todas as actividades escolares.

Algunhas manifestacións desta proposta poden ser:

- Utilizar na aula información e recursos actualizados que recollan diferentes perspectivas sobre cada tema tratado.
- Recorrer a contidos que reflictan e valoren a diversidade da experiencia humana e dos modos de expresala, resaltando como referentes comúns de valoración a dignidade e dereitos da persoa, así como os principios do ordenamento constitucional español.

- Poñer en marcha iniciativas que requiran relacionarse coa comunidade ou o contorno externos á escola.
- Promover un clima da clase que favoreza o intercambio significativo de experiencias ou puntos de vista e o debate aberto e construtivo.
- Propiciar a participación do alumnado na toma de determinadas decisións.

Como contidos concretos desta proposta poden formularse:

- Coñecemento das diferentes culturas presentes no centro.

Corresponderá a todo o profesorado o logro dun coñecemento compartido de toda a riqueza cultural que existe na aula e no centro, valorando o que de positivo nos aporta. Convirá, non obstante, que a atención se centre máis nos aspectos comúns que compartimos que nas diferenzas en canto tales.

- Habilidades de interacción social e convivencia.

Para que os alumnos/as se sintan cómodos e integrados na aula desde o principio, con confianza en si mesmos, hai que facilitarlles un clima adecuado, tanto na clase como fóra dela (no recreo, en actividades organizadas polo centro, en horario extraescolar), que favoreza unha convivencia construtiva e non discriminadora entre os membros do grupo.

Mediante consenso cos outros profesores/as, pódense establecer, a este fin, as pautas de traballo ou buscar na literatura pedagóxica programas e materiais xa elaborados e secuenciados.

Por outra parte, a propia dinámica escolar e súas interaccións dan lugar a diverxencias que poden ser oportunidades para avanzar ou retroceder na convivencia, segundo como as afrontemos (o feito de non afrontalas dará lugar a un proceso crecente de incomunicación, desconfianza, temores, malentendidos, etc).

Nesta liña de actuación, como parte esencial da convivencia na diversidade, debe estar presente na actividade da clase a aprendizaxe e uso de estratexias dirixidas a este fin, tales como:

- Análise das situacións conflitivas
- Escoita activa
- Negociación
- Mediación
- Toma de decisións por consenso
- Creación no grupo dun ambiente de confianza e cooperación

Polo que debe promoverse no centro o uso de estratexias de aprendizaxe que desenvolvan nos alumnos/as habilidades interpersoais e de traballo en equipo como:

- O diálogo construtivo.
- A aprendizaxe cooperativa.
- A escoita activa e a negociación.
- A valoración da diversidade.
- As relacións solidarias.

#### **4. Seguemento e avaliación.**

Tanto o profesorado implicado coma o DO avaliarán o grao de desenvolvemento de cada unha das fases, emitindo un informe no que se establezan, se proceden, as propostas de mellora.

### **C) Programa de habilidades socioemocionais**

#### **1. Introducción**

O desenvolvemento de actividades relacionadas coa adquisición de habilidades sociais e emocionais contribúen a acción preventiva de conflitos interpersoais e mellorar a convivencia escolar.

Neste senso procúrase que dende a acción tutorial, se revista ao alumando dunhas destrezas que lle permitan facer fronte a diferentes situacións nas cales poida expresarse con naturalidade mediante o uso de técnicas sociais e de resolución de conflitos.

## 1. Obxectivos

### 1º de E.P.

- Coñecer o significado da autoestima.
- Aprender a expresar emocións.
- Aprender a dialogar.
- Coñecer a utilidade dos xestos na conversa.
- Aprender a utilizar o respecto como unha forma de relacionarse.
- Coñecer como se traballa en equipo mediante o xogo.

### 2º de E.P.

- Identificar as emocións negativas e positivas.
- Coñecer as regras dunha conversa.
- Aprender a facer fronte ás críticas.
- Ter presente o respecto como un pilar nas relacións interpersoais.
- Coñecer por qué se producen as chamadas de atención.

### 3º de E.P.

- Aprender habilidades emocionais.
- Saber pórse no lugar do outro.
- Aprender habilidades de comunicación e algunhas de conversación.
- Saber como afrontar os insultos e as faltas de respecto.

### 4º de E.P.

- Afianzar o coñecemento das emocións positivas e negativas.
- Afianzar habilidades de conversa.
- Aprender a expresar unha queixa.
- Identificar o que son e como tratar as descalificacións verbais e agresións físicas.

### 5º de E.P.

- Experimentar as vantaxes de sentimentos positivos.
- Coñecer estratexias para realizar e recibir cumpridos.

- Aprender a dicir non en base aos propios intereses.
- Coñecer quen asume a responsabilidade ante os conflitos, enfrontamentos e discusións.

6º de E.P.

- Coñecer o que produce a experimentación de novas sensacións.
- Identificar as claves da motivación.
- Aprender a pedir e facer favores.
- Adquirir estratexias de autocontrol dos pensamentos.
- Saber facer fronte a diferentes problemas.

## 2. Desenvolvemento

Os programas elaborados por parte do DO implementaranse a través da acción do titor/a de forma voluntaria. Concretamente son tres tomos, un destinado a 1º e 2º de EP, outro a 3º e 4º de EP e un terceiro a 5º e 6º de EP.

Todos os programas teñen tres bloques temáticos comúns, sendo estes: educación emocional, habilidades sociais e solución de conflitos interpersoais.

Por cada bloque hai dous tomos con diferentes actividades, onde se pretende que se desenvolvan cada un dos bloques de forma trimestral, aumentando o nivel de dificultade das tarefas conforme se vai subindo de curso.

Do que se trata é de que no primeiro trimestre se desenvolvan actividades relacionadas coa educación emocional, no segundo relativas ás habilidades sociais e no terceiro relacionadas coa solución de conflitos interpersoais.

Concretamente e de forma estruturada o material organízase do seguinte xeito:

CURSO	BLOQUE	TEMAS
1º	Educación emocional	-“Conoces tu autoestima y tus emociones”. -“¿Cómo te sientes?”
	Habilidades sociais	-“Aprendo a dialogar -“Los gestos en la conversación”.
	Solución de	-“El respeto a los demás niños y niñas en



	conflictos interpersonais	clase”. -“Jugar con todos”.
<b>2º</b>	Educación emocional	-“Emociones no muy buenas”. -“Las buenas emociones”.
	Habilidades sociais	-“Seguimos conversando”. -“Defenderse de las críticas”.
	Solución de conflictos interpersoais	-“Respetar las cosas de los demás”. -“Llamar la atención para...”
<b>3º</b>	Educación emocional	-“Aprendo las habilidades emocionales”. -“Como se sienten los demás”.
	Habilidades sociais	-“Aprendo habilidades de comunicación”. -“Habilidades de conversación I”.
	Solución de conflictos interpersoais	-“Os insultos”. -“As faltas de respeto”.
<b>4º</b>	Educación emocional	-“As emocións negativas”. -“As emocións positivas”.
	Habilidades sociais	-“Habilidades de conversación II”. -“¿Cómo expresar una queja?”
	Solución de conflictos interpersonales	-“Las descalificaciones verbales”. -“Las agresiones físicas”.
<b>5º</b>	Educación emocional	-“Atrévete a sentir muchas cosas”. -“Mi cuerpo y mis emociones”.
	Habilidades sociais	-“Hacer cumplidos y recibirlos”. -“Decir no cuando conviene”.
	Solución de conflictos interpersoais	-“Tus conflictos tu responsabilidad”. -“Los enfrentamientos y discusiones”.
<b>6º</b>	Educación	-“Nuevas sensaciones”.

emocional	-“¿Sabes qué es estar motivado?”
Habilidades sociais	-“Pedir,... y hacer favores”. -“Controlar tus pensamientos”.
Solución de conflictos interpersoais	-“Problemas de todas las clases”. -“Consejos, habilidades y trucos para solucionar los problemas de los demás”.

#### **4. Seguimento e avaliación.**

Tanto o profesorado implicado coma o DO avaliarán o grao de desenvolvemento de cada unha das actividades, establecéndose, se procede, as propostas de mellora.

### **D) Programa de preparación para a E.S.O.**

#### **1. Introducción**

Como parte das actuacións encamiñadas á preparación do alumnado que vai rematar a súa etapa formativa no centro incorporándose ao Instituto para iniciar no próximo curso a educación secundaria obrigatoria, e a facilitar información e apoio ás familias que tamén se ven afectadas polos cambios que isto leva consigo, deséñase, en coordinación co orientador/a do I.E.S., este programa que se desenvolve en dúas fases consecutivas e complementarias.

#### **2. Obxectivos**

- Facilitar o tránsito da etapa de educación primaria á de educación secundaria.
- Facilitar información ao alumnado e ás familias respecto das características e estrutura da nova etapa educativa.
- Proporcionar ao alumnado e ás familias información sobre a oferta educativa, os servizos complementarios e o funcionamento xeral do I.E.S.

### **3. Desenvolvemento**

*PRIMEIRA FASE: Información xeral sobre a E.S.O. e sobre o I.E.S.*

Esta fase, destinada ao alumnado e ás familias, desenvólvese no propio centro por parte da orientadora do colexio. Realizarase no terceiro trimestre e informarase de asuntos relativos a:

- Estrutura do sistema educativo.
- Oferta educativa do citado I.E.S.
- Horarios lectivos.
- A atención á diversidade.
- Servizos complementarios que ofrecen.
- Actividades extraescolares.
- Criterios de promoción.
- Regulamento de réxime interno.
- Actuacións de acollida.
- Outros que poidan ser de interese.

Ademais e en coordinación co DO do IES desenvolveranse algunhas actividades previas para que o alumnado se vaia afianzando co novo centro educativo.

*SEGUNDA FASE: Visita ao I.E.S.*

Ten por obxecto coñecer “in situ” o Instituto. Estará coordinada polos dous departamentos de orientación e realizarase no mes de xuño.

### **4. Seguimento e avaliación.**

Tanto o profesorado implicado coma os DO avaliarán o grao de desenvolvemento de cada unha das fases, emitindo un informe no que se

establezan, se proceden, as propostas de mellora.

## **E) Programa de hábitos e técnicas de estudo**

### **1. Introducción**

As técnicas de estudo permiten instaurar diferentes perspectivas de estudo no estilo de aprendizaxe do alumnado. Por iso é imprescindible para acadar o éxito académico ser coñecedores das variedades das técnicas de estudo que poden utilizarse.

Estas técnicas inclúen regras mnemotécnicas que poden ser aprendidas polo alumnado e axudan á retención de información dunha forma efectiva.

Ademais, estas técnicas que se aplican ao propio proceso de estudo, tales como a planificación, o subliñado, resumo, elaboración de esquemas,... poden ser de grande utilidade para o fomento da aprendizaxe autónoma.

Así mesmo, estas axudan a que se produza un estudo máis comprensivo baixo o uso dunha serie de estratexias metacognitivas, é dicir, de planificación e organización do estudo e do traballo.

Si ben é certo, a adquisición de hábitos de traballo e técnicas de estudo require da asimilación de diferentes conceptos e costumes que se van adquirindo de forma procesual e cronoloxicamente no tempo. Polo que dependendo das idades do alumnado trataranse unha serie de contidos e/ou outros.

### **2. Obxectivos**

1º e 2º de E.P.

- Adquirir os hábitos posturais adecuados.
- Potenciar os hábitos de limpeza e autocoidado.
- Manexo adecuado do instrumental e destreza caligráfica.
- Afianzar o uso e coidado do material escolar.

3º e 4º de E.P.

- Reforzar a adquisición de hábitos posturais.
- Afianzar o uso e coidado do material escolar.

- Potenciar os hábitos de limpeza, coidado corporal e alimentación.
- Establecer un horario de estudio e traballo.
- Fomentar hábitos de responsabilidade ante as tarefas escolares.
- Favorecer e reforzar actividades de experimentación e creatividade.
- Desenvolver habilidades para mellorar a expresión e comprensión oral e escrita.

5º e 6º de E.P.

- Adquirir e mellora os hábitos de estudo.
- Establecer un horario de estudio e traballo.
- Coñecer regras mnemotécnicas e técnicas de resume, esquema, subliñado.
- Perfeccionar a lectura comprensiva.
- Colaborar en actividades grupais: exposición oral, diálogo, debate,...
- Elaborar narracións, descricións e composicións.

### **3. Desenvolvemento**

Algunhas das actividades que terán lugar por cursos por parte dos titores/as serán as que aparecen a continuación. Si ben é certo, en 6º de Educación Primaria e de cara ao terceiro trimestre desenvolverase un conxunto de actividades específicas programadas polo DO.

1º e 2º de E.P.

- Manter posturas adecuadas (costas apoiadas no respaldo da cadeira, distancia adecuada da cabeza ó papel, posición da man sobre o papel,...).
- Coidado do material (tapar o pegamento, recoller o material común,...).
- Coidado persoal (de roupa, cabeza, mans...).
- Hábitos alimentarios axeitados.
- Hábitos de sono polo menos nove horas.
- Colocar correctamente o material escolar sobre a mesa.
- Posicións adecuadas dos elementos que interveñen no proceso grafomotriz (posición do cóbado, tronco, apoio pulso).
- Pinzado adecuado do lapis.
- Posición correcta do papel.

- Tamaño e forma das letras adecuado.
- Separación entre as palabras.
- Marxes adecuadas.

3º e 4º de E.P.

- Manter posturas adecuadas.
- Ordenar o material escolar.
- A través dos contidos transversais traballar vídeos, fichas,... a limpeza, coidado persoal e alimentación.
- Ter unhas condicións de luz, temperatura,... adecuadas para o traballo persoal.
- Resumes orais e escritos de textos adecuados á idade.
- Comprensión lectora.
- Esquemas sinxelos.
- Elaborar o horario propio organizando o tempo de estudo ou de lecer.

5º e 6º de E.P.

- Sentarse correctamente.
- Resumir textos orais e escritos.
- Facer esquemas.
- Facer narracións, composicións e descricións.
- Expoñer oralmente algún traballo ante o grupo.
- Realizar debates.
- Comezar a toma de apuntes.
- Facer gráficos.

#### **4. Seguimento e avaliación**

Tanto o profesorado implicado coma o DO avaliarán o grao de desenvolvemento das actividades, emitindo un informe se procede, no que se establezan as propostas de mellora.

#### **5. Avaliación**

Esta avaliación farase tendo en conta o cumprimento dos obxectivos formulados a nivel xeral no PAT e en cada un dos seus subprogramas e o grao de desenvolvemento das actuacións que estaban previstas.

Ao final de curso realizarase a valoración xeral do desenvolvemento do PAT e as propostas de mellora.